


A **nutrición** é o proceso mediante o cal conseguimos os nutrientes e enerxía que necesitamos para vivir.

Da nutrición encárganse os seguintes aparatos:

- Aparato Dixestivo
- Aparato Respiratorio
- Aparato Circulatorio
- Aparato Excretor

O **aparato Dixestivo** é o encargado de transformas os alimentos que comemos en nutrientes.

Está formado por:



A dixestión é o proceso de transformación dos alimentos para obter os nutrientes que van ao sangue.

Ten varias fases:

1. Trituramos a comida cos dentes e mestúrase coa saliva. Este bolo baixa pola farinx e polo esófago ata o estómago.
2. No estómago mestúrase cos zumes gástricos.
3. Pasa ao intestino delgado, onde se mestura coa bile (do fígado) e os zumes pancreáticos (do páncreas). É aquí onde se absorben os nutrientes que pasan ao sangue.
4. Os restos pasan ao intestino groso para ser expulsados polo ano.